



REGULAMENTO
XIII GRAN PREMIO DE GALICIA DE PISTA
XXI COPA XUNTA DE GALICIA- 6º MEMORIAL XACINTO REGUEIRA
TEMPADA 2008

Art.1.- ORGANIZACIÓN

A organización técnica do XIII GRAN PREMIO DE GALICIA DE PISTA, correspondelle a Federación Galega de Piragüismo en todas as competicións e niveles actuando a través dos seus órganos executivos.

Art.2.- PATROCINADOR

O patrocinio correspondelle á DIRECCION XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA, ás DIPUTACIONES PROVINCIAIS enmarcadas no Convenio de Colaboración coa Federación e Clubes, á propia F.G.P. e as entidades patrocinadoras das REGATAS puntuabels.

Art.3.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada regata puntuabel de este XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA terá o seu propio Comité de Competición que se formara da maneira que establecen os reglamentos vixentes na F.G.P. ou Real F.E.P., según lle corresponda a súa competencia.

As reclamacións ao Comité de Competición, sera o paso previo e obrigatorio para a presentación de reclamacións posteriores ou estamentos superiores.

No caso de non existir este paso previo, as reclamacións sobre o desenrobo das competicións serán desestimadas.

Art.4.- COMITÉ DE DISCIPLINA

Será o propio da Federación Galega de Piragüismo, que actuará de acordo cos Reglamentos da mesma, independentemente das actuacións doutros Comités nas competicións de ámbito nacional ou internacional.

Art.5.- FORMACIÓN

O XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA, e unha competición aberta a todos os clubs de Galicia afiliados a mesma, así como a os palistas destes, coa licenza federativa debidamente actualizada para a Tempada 2008 e que teñan renovada a mesma polo menos nunha ocasión.

Art. 6.- XUICES E ÁRBITROS

Para cada regata, a proposta do Comité Técnico de Árbitros da F.G.P. ou R.F.E.P., según lle corresponda, a Junta Directiva da Federación nomeará los Xuices e Árbitros que actuarán.



Art. 7.- PARTICIPACIÓN

Será por Equipos.

Por ser un Programa de Galicia en sistema de LIGA, o mesmo estará aberto a todo-os clubes de Galicia que cumplan os requisitos establecidos en cada unha das regatas puntuabels e as normas aprobadas po la Asamblea da F.G.P. sobre afiliacions a clubes e deportistas da tempada 2008.

Todos os palistas e clubes gallegos, para poder participar neste Programa deberán de estar en posesión da licencia federativa actualizada para a tempada 2008.

Os clubes de fora de Galicia que deseen participar en calqueiera das competicións que forman parte da XXI Copa Xunta de Galicia poderán facelo sempre e cando cumplan os requisitos establecidos e as normas aprobadas po la Asamblea da F.G.P. sobre afiliacions a clubes e deportistas da tempada 2008, **salvo nos distintos Campeonatos Galegos** a celebrar na tempada 2008 nos que non terán dereito a participar.

Os palistas e clubes de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a sua medalla ou trofeo no caso de que lle corresponda po-la sua clasificación na mesma.

Para a clasificación de cada un dos grandes premios (Rios e Travesias, Promoción e Pista) da Tempada 2008 extrapolaránse os clubes galegos participantes na competición (quitando os que non o son) e se lle asinarán puntos en base a sua clasificación e conforme a relación que resulte.

Art 8.- INSCRIPCIONS

Cada club poderá inscribir en cada regata puntuabel, por modalidade e categoría, o número de palistas que considere oportunos, siempre e cando estos cumplan as normas establecidas nos reglamentos específicos de cada Gran Premio e cada regata.

Art.8.- EMBARCACIONS

Atendendo a os programas e diferentes regatas do XIII Gran Premio de Pista de Galicia, as embarcaciones poderán ser:

- * K-1, K-2 y/o K-4 para homes e mulleres
- * C-1, C-2 y/o C-4 so para homes

Art. 9.- CATEGORIAS

Estabrecense as seguintes :

- | | |
|-------------------------|---------------------------------------|
| * Homes Kayakistas : | Veterans, Seniors, Juniors e Cadetes. |
| * Mulleres Kayakistas : | Veterans, Seniors, Juniors e Cadetes. |
| * Homes Canoistas: | Veterans, Seniors, Juniors e Cadetes |

A participación das distintas categorías, modalidades e embarcaciones nas regatas puntuabels, dependerá sempre dos reglamentos específicos das mesmas.

Os palistas da categoría de veteranos, cando esté contemplada a sua participación no reglamento de cada regata puntuabel para este Gran Premio, poderán participar pero non puntuarán para a clasificación por equipos.



Art 10.- PUNTUACIONES

As puntuaciones que rexirán este XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA serán as que indiquen os reglamentos específicos de cada competición, según sinala o presente articulado.

Art. 11.- Puntuación Definitiva en Cada Competición

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establece-se unha clasificación definitiva dos clubs galegos participantes a os que se lles dará unha puntuación definitiva que será:

1º Clas. 50 puntos, 2º 48, 3º 47, 4º 46, 5º

A puntuación para todos os clubs que non tomen parte nunha regata puntuable será de 0 puntos.

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para o Gran Premio de Galicia de Pista, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubs menos 5 puntos.

Todos aqueles clubs que, na presente tempada 2008 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro (e que non exista acordo entre eles) para poder percibir o 50% dos puntos que consiga o mesmo nas competicións, terán que participar os dous clubs (o de orixen e o de destino) na mesma competición ou regata.

Art.12.- DESESTIMACIONES

Para a toma de puntos finais cada club sumará os puntos de todas as regatas puntuables sen desestimar ningunha.

Art. 13.- INSCRIPCIONS

Cada club poderá inscribir en cada regata puntuable, por modalidade e categoría, todas as embarcacións e deportistas que os reglamentos específicos lles permitan.

Art. 14.- DESEMPATES

Establecése da seguinte maneira:

* En cada regata puntuable según indique o regulamento da mesma.

* A nivel de todo o XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA a favor do clube que mellor resultado teña obtido no Campionato de España de Pista para Seniors, no caso de continuar, a favor do clube que obteña mellor puntuación no Campionato Gallego de Pista Senior e así sucesivamente, Campionato de España de Pista para Juniors-Cadetes, Galego, Inverno, no caso de continuar, o Master de España Senior e Master Galego Senior.



Art. 15.- COMPETICIONS PUNTUAABLES

Son competicións puntuables de este XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA, as seguintes:

17/02/2008	Campeonato Gallego Invierno	Castrelo de Miño (Ourense)
8-9/03/2008	Campeonato España de Invierno	Sevilla
29-30/03/2008	Regata Nacional Pista de 1000 m	Castrelo de Miño (Ourense)
5-6/04/2008	Regata Nacional Pista de 500 m	Mérida
28-29/06/2008	Campeonato España Master Sen/Jun	Trasona(Asturias)
13/07/2008	Campeonato Galego Pista Jun/Cad	Castrelo de Miño (Ourense)
25-27/07/2008	Campeonato España de Pista Jun/Cad	León
03/08/2008	Campeonato Galego Pista Senior	Castrelo de Miño (Ourense)
30-31/08/2008	Campeonato España de Pista Senior	Cuevas Almanzora (Almeria)

Art. 16.- CAMPEONES

Estrabrecese a nivel de Equipos sendo Campeón o que maior número de puntos obteña sumados os alcanzados según o presente regulamento.

Para a recepción do trofeo nas distintas competicións precisase a presenza física dos galardonados (clubes e deportistas) que deberán personarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización.

A NON PRESENCIA DO GALARDONADO NO LUGAR DE ENTREGA DE TROFEOS A RECOLLELO MISMO A HORA INDICADA POLA ORGANIZACIÓN, E CAUSA DE DESCALIFICACIÓN TODOLOS EFECTOS, ASÍ COMO A PERDA DE PUNTOS O CLUB O QUE PERTENZA.

Art. 17.- CAMBIOS DE CLUBES

Os palistas que haxan participado nalguna das regatas puntuables deste XIII GRAN PREMIO DE GALICIA DE PISTA -TEMPADA 2008, en calqueira das súas categorías por un club determinado, **poderá facelo no caso de cambio de club**, na mesma tempada co seu novo equipo, **pero en ningún caso puntuará para o mesmo** aunque sí terá dereito a recibir a súa medalla ou trofeo na competición na que participe no caso de ter dereito a ela.

No caso de que un palista de cambio de club, e conforme as condicións anteriores, participe nunha competición formando parte dun barco de equipo (K-2, C-2, K-4 ó C-4), dito barco non puntuará para o club.

Todos aqueles clubs que, na presente tempada 2008 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro, e que non exista acordo entre eles (según o aprobado na Asemblea Xeral da Federación Galega de Piragüismo), para poder percibir o 50% dos puntos que consiga o mesmo nas competicións terán que participar os dous clubs na mesma competición.

Art. 18.- COMPONENTES DAS EMBARCACIONES DE EQUIPO

As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), para poder puntuar por un club, deberán ser tripuladas por palistas do mesmo equipo pob que se inscriban.



Art. 19.- LICENCIAS DE COMPETICION

Para todo o que no consta no presente regulamento, as regatas da COPA rexiranse polos Reglamentos específicos de cada Gran Premio e Estatutos da F.G.P., e nos casos non previstos, po lo Regulamento Xeral e Técnico das Competicions da Real F.E.P.

Para poder competir, os palistas e clubes, deberán estar en posesión da Licencia Federativa debidamente actualizada para a Tempada 2008.

A F.G.P. non se fai responsable dos danos que poideran causarse as embarcations e demás material dos participantes, tanto no transcurso de cada regata como no transporte a mesma. Recordase a obrigación de utilizar sistemas de flotación para todas as embarcations participantes no presente programa.

Art. 20.- CAUSA MAJOR

Si por causa maior, sempre axena a vontade dun club, un equipo non poidera tomar parte en calquera das regatas puntuabels, tras a petición a través dun escrito, si así o estima oportuno a Xunta Directiva da F.G.P., poderá concederlle os mesmos puntos que haxa alcanzado na última regata puntuable restando un punto.

Art. 21.- COMPETICIONS RESERVAS

Si por algunha causa non se celebre unha das regatas sinaladas como puntuabels de este regulamento, a Xunta Directiva da F.G.P. decidirá a nova data de celebración, sua anulación ou a substitución por outra a todos os efectos do XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA.

Art. 22.- UNIFORMIDADE

Recordase a os deportistas a obrigación de portar a indumentaria do clube durante as regatas e que ésta debe ser de igual color e forma nos tripulantes que forman as embarcaciones de equipo.

O incumprimento de esta norma e causa de descalificación. Os xefes de equipo e palistas deberán portar, de igual forma, a indumentaria do clube en actos públicos que se realicen en cada regata deste Gran Premio.

Asimismo, os **dorsais e tablillas** facilitados pola organización para a participación nas distintas competicions e que, no caso das tablillas, aporten os clubes, deberán ser levados debidamente colocados e visibles, sen dobreces nin arrugas. No caso de incumprimento será causa de descalificación.

Art. 23.- INFANTIS

Recordase a todos os clubes participantes no XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA, que os palistas de categorías infantis e alevins quedan totalmente excluídos deste programa a todos os efectos e niveis polo que os mesmos non poderán participar como CADETES en ningunha das regatas puntuabels.

Art. 24.- OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento ni en el regulamento específico de cada regata puntuable, o XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA rexirase pola normativa da XXI COPA XUNTA DE GALICIA e, nos casos non previstos, polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicions da Real F.E.P. e polo Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.




Art. 25.- ENTREGA DE PREMIOS FINALES

A entrega de premios aos clubs será de carácter público na Gala del Piragüismo de Galicia-2008 que se celebrará o remate da tempada.

O Premio final do XIII Gran Premio de Galicia de Pista será entregado soamente ao clube clasificado no primeiro lugar no mesmo (que se nomeará como CLUBE GAÑADOR DO XIII GRAN PREMIO DE GALICIA DE PISTA) que será entregado no transcurso da Gala do Piragüismo de Galicia-2008.

Art. 26.- INFORMACIÓN

Para maior información deste XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (C/ Italia, 35- Monteporreiro, 36162 Pontevedra), Tfnos de contacto : 986842106 y 986896537 , fax 986851108 y e-mail : kayak-canoa@fegapi.org


VO Bº
PRESIDENTE

Pontevedra, 8 de febreiro de 2008
O XERENTE